

CIRCULAR XX/2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA CADETE E XUVENIL DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

Friol, 31 de Xaneiro do 2016

Art.1).- A Delegación da F.G.A. en Lugo organizará o **Campionato de Galicia cadete e xuvenil individual e por equipos de campo a través** o domingo 31 de Xaneiro do 2016 en Friol

Art.2).- O Campionato disputarase na categoría *cadete* (anos 2001-2002) e *xuvenil* (anos 1999-2000) (homes e mulleres).

Art.3).- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

- 3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2015/2016) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.
- 3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.
- 3.3.- Atletas nacionais ou estranxeiros convidados expresamente pola F.G.A. que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.4).- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros.

Art.5).- A clasificación por equipos realizarase da seguinte forma:

- 1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaron a lo menos 4 atletas.
- 2.- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubes que enviaron a inscrición a F.G.A. no prazo previsto.
- 3.- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- 4.- Sumaranse os puntos dos 4 millores clasificados de cada equipo, salvo na categoría cadete e xuvenil mulleres que soamente computarán as 3 millores clasificadas.
- 5.- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- 6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto (terceiro na categoría cadete e xuvenil mulleres) atletas terminara máis próximo ó vencedor da proba.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art.6).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES CADETE-XUVENIL			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
11:55	CADETE	Mulleres	2.500 m. aprox.
12:15	CADETE	Homes	3.500 m aprox
12:40	XUVENIL	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:05	XUVENIL	Homes	5.000 m. aporx

Art.7).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o 26 de Xaneiro ás 20:00 horas.

Art.8).- Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán confirmar a composición dos seus equipos, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.10).- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

Art.11).- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.12).- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, da acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a XX de xaneiro de 2016